



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO TERRAS DA COMARCA DE ORDES

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Terras da Comarca de Ordes que inclúa a realización das actividades das seguintes liñas:

LIÑA DE ACTUACIÓN B.COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO	
B.1	Evento Terra Activa
B.2	Cobertura de comunicación
LIÑA DE ACTUACIÓN D. NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO	
D.1	Melloras na web

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.



Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Que a Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes é unha administración pública de carácter local integrada polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

Que o xeodestino Terras da Comarca de Ordes está composto polos concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

Todos os concellos que integran o xeodestino serán beneficiarios dunha ou varias actividades enmarcadas neste convenio.

**Terceiro.-** Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Terras da Comarca de Ordes, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase, ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.



**Cuarto.-** Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiarase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

